

Ordenanza municipal reguladora da posesión e custodia de animais de compañía.

Índice

[Exposición de motivos.](#)

[Título preliminar.](#) Disposicións xerais

[Capítulo I.](#) Ámbito e definicións

[Artigo 1.](#) Obxecto e ámbito de aplicación.

[Artigo 2.](#) Definicións.

[Artigo 3.](#) Actividades e establecementos suxeitos á obtención de licencia municipal.

[Capítulo II.](#) Dos rexistros municipais de animais

[Artigo 4.](#) Concepto e composición.

[Artigo 5.](#) Vinculación cos rexistros autonómicos correspondentes.

[Capítulo III.](#) Controis sanitarios

[Artigo 6.](#) Medidas sanitarias.

[Artigo 7.](#) Veterinarios.

[Artigo 8.](#) Episodios de agresións.

[Artigo 9.](#) Sacrificio dos animais.

[Capítulo IV.](#) Da identificación dos animais

[Artigo 10.](#) Obriga de identificación.

[Artigo 11.](#) Características do microchip.

[Artigo 12.](#) Procedemento de identificación.

[Artigo 13.](#) Tarxeta identificativa para cans.

[Capítulo V.](#) Dos animais abandonados

[Artigo 14.](#) Recollida de animais abandonados.

[Artigo 15.](#) Estancia dos animais abandonados nos centros de recollida.

[Capítulo VI.](#) Prevencións xerais sobre a posesión de animais

[Artigo 16.](#) Responsabilidade.

[Artigo 17.](#) Obrigas dos posuidores.

[Artigo 18.](#) Prohibicións e prevencións.

[Título I.](#) Da tenencia de animais de compañía

Capítulo I. Da posesión

Artigo 19. Posesión de animais domésticos en vivendas.

Artigo 20. Posesión de animais salvaxes en catividade.

Artigo 21. Posesión de especies exóticas.

Capítulo II. Do control administrativo

Artigo 22. Censo de animais de compañía.

Artigo 23. Altas e baixas no censo de animais de compañía.

Artigo 24. Prazos de inscrición e anotacións no censo.

Capítulo III. Dos cans de asistencia

Artigo 25. Dereitos específicos.

Artigo 26. Determinación dos lugares de acceso.

Artigo 27. Requisitos hixiénico-sanitarios.

Título II. Da tenencia de animais potencialmente perigosos

Capítulo I. Da posesión

Artigo 28. Posesión de animais potencialmente perigosos.

Artigo 29. Medidas de seguridade na posesión de cans potencialmente perigosos.

Capítulo II. Da licenzia municipal

Artigo 30. Licenzia.

Artigo 31. Requisitos para a súa obtención.

Artigo 32. Vixencia.

Capítulo III. Do Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos

Artigo 33. Rexistro de animais potencialmente perigosos.

Artigo 34. Incidencias que deberán constar neste Rexistro.

Título III. Réxime sancionador

Capítulo I. Infraccións e sancións

Artigo 35. Concepto de infracción.

Artigo 36. Clasificación das infraccións.

Artigo 37. Infraccións leves.

Artigo 38. Infraccións graves.

Artigo 39. Infraccións moi graves.

Artigo 40. Sancións pecuniarias.

Artigo 41. Sancións non pecuniarias.

[Artigo 42.](#) Prescrición das infraccións.

[Capítulo II.](#) Do procedemento sancionador

[Artigo 43.](#) Exercicio da potestade sancionadora.

[Artigo 44.](#) Tramitación.

[Disposicións adicionais](#)

[Primeira.](#) Aplicación normativa.

[Segunda.](#) Ordenanza fiscal.

[Disposición derradeira](#)

Ordenanza municipal reguladora da posesión e custodia de animais de compañía.

Exposición de motivos

A normativa sectorial de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, así coma a dos potencialmente perigosos procura sentar as bases para regular a normal e segura convivencia entre as persoas e os animais de compañía que habitan no seu contorno. Esas normalidade e seguraza teñen que garantir os dereitos dos animais a ser posuídos e coidados de xeito responsable, e, ó mesmo tempo xerar un clima tranquilizador para o resto dos cidadáns ó avaliallles neste eido os necesarios controis administrativos.

A Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos faculta ós concellos para conceder licenza administrativa ós posuidores de animais clasificados como potencialmente perigosos, así como establece a obrigatoriedade de contar en cada administración local cun Rexistro de animais potencialmente perigosos, e, previamente á dita lei, a normativa galega de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro (da que son referentes a Lei 1/1993, de 13 de abril e mailo Decreto 153/1998), xa contemplaba a existencia de censar os animais de compañía a nivel municipal, ben directamente ou a través dos veterinarios colaboradores.

Unhas e outras prevencións desenvólvense no decreto autonómico 90/2002, do 28 de febreiro, porque ó mesmo tempo de regular a tenencia de animais potencialmente perigosos, crea os rexistros destes e mailos de compañía.

É evidente a necesidade de achegarlle ós donos ou posuidores de animais de compañía tódalas obrigas que teñen con respecto a eles e, a tódolos cidadáns os dereitos e obrigas que lles atinxen nunha normal e soportable convivencia. Para todos cómpre que se refundan a nivel local as abundantes disposicións existentes neste eido, e de vagar, que se regulen os requisitos administrativos reservados á competencia municipal.

En consecuencia, de conformidade coa normativa citada, ó abeiro da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, do artigo 286 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e dos artigos 15 e 20 da Lei 39/1998 reguladora das Facendas Locais, unha vez cumprido os trámites formais correspondentes, esta Corporación municipal aprobou as seguintes disposicións:

Título preliminar. Disposicións xerais

Capítulo I. Ámbito e definicións

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta Ordenanza ten por obxecto traspoñe-la normativa relacionada cos animais de compañía, xa teñan a consideración de domésticos, de asistencia, salvaxes en cativeiro ou potencialmente perigosos; e ó mesmo tempo procura regula-los seguintes actos administrativos:
 - a) A concesión de licencias para actividades e establecementos destinados ó comercio ou garda dos animais comprendidos no ámbito de aplicación desta norma.
 - b) A concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de animais cualificados como potencialmente perigosos,
 - c) O Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, e,
 - d) O Censo Local de Animais de Compañía.
2. Quedan obrigados por esta norma, que abrangue o ámbito territorial do Concello de Arteixo, tódolos propietarios ou posuidores de animais domésticos de compañía, de asistencia, salvaxes en cativeiro e potencialmente perigosos, consonte se definen no seguinte artigo.
3. Exclúense do ámbito de aplicación desta Ordenanza:
 - a) Os animais que son criados para o aproveitamento das súas producións.
 - b) Os que son obxecto de caza e pesca, agás os silvestres incluídos na cualificación de salvaxes en cativeiro.
 - c) Os touros de lidia e mailos espectáculos taurinos.
 - d) Os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de seguridade pública, e os de empresas de seguridade privada que estean habilitados e acreditados por centros oficiais de adestramento dependentes ou recoñecidos pola Seguridade do Estado.

Artigo 2. Definicións.

Ós efectos desta Ordenanza, entenderanse definidos como:

1. Animais de compañía.- Aqueles que teña no seu poder o home, sempre que a súa tenencia non teña como destino o seu consumo ou aproveitamento das súas producións, nin persiga fins comerciais ou lucrativos.
2. Animais domésticos.- Os animais de compañía pertencentes ás especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o home para vivir en réxime doméstico no fogar, así coma os de acompañamento, conducción e axuda de persoas diminuídas físicas, invidentes ou con

deficiencia visual grave ou severa.

3. Animais salvaxes en catividade.- Os animais que sendo libres pola súa condición, foron obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.
4. Animais salvaxes domesticados.- Os animais que habendo nacido silvestres e libres, son acostumados á compañía das persoas, dependendo definitivamente destas para a súa subsistencia.
5. Animais exóticos.- Son aqueles animais pertencentes a especies salvaxes orixinarias de países aleixados e que teñen unha fisionomía estraña e orixinal.
6. Animais potencialmente perigosos.- Con carácter xenérico, consideraranse como tal, todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles ou teñan capacidade de causa-la morte ou lesións ás persoas, a outros animais ou producir danos de certa entidade ás cousas.
(Tamén se inclúen nesta definición xenérica os animais da especie canina ós que se refire especificamente o seguinte apartado deste mesmo artigo).
7. Cans potencialmente perigosos.- Entenderase que entran dentro desta definición aqueles cans nos que concorran calquera das condicións seguintes:
 - a) Os que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas.
 - b) Os cans que foran adestrados para a garda e defensa.
 - c) Os que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento, para a garda e defensa, e, en concreto os pertencentes ás seguintes razas: American Stafforshire Terrier / Pit Bull Terrier / Bullmastif / Dobermann / Dogo Arxentino / Dogo de Burdeos / Dogo do Tíbet / Fila Brasileiro / Mastín Napolitano / Presa Canario / Presa Mallorquín (Ca de Bou) / Rottweiler / Staffordshire Bull Terrier / Tosa Inu / Akita Inu.(Consideraranse dentro da cualificación os cruces en primeira xeración destes, os cruces destas razas entre si ou os cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas descritas).
 - d) En todo caso, entenderase que son potencialmente perigosos, aqueles cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. Esta agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio, ou previa notificación ou denuncia, e despois dun informe dun adestrador ou veterinario designado ó efecto.

8. Can de asistencia.- O que, tras superar un proceso de selección xenética e sanitaria, remate satisfactoriamente o seu adestramento nun centro oficialmente recoñecido ou homologado na Comunidade Autónoma consonte a normativa de aplicación para a formación de cans destinados ó acompañamento, conducción e auxilio das persoas con discapacidade, e sexa recoñecido e identificado na forma establecida legalmente. O can de asistencia pode ser can guía ou can de servicio, segundo se definen seguidamente.
9. Can guía.- Aquel individualmente adestrado para acompañar, conducir e auxilia-las persoas cegas ou con deficiencia visual.
10. Can de servicio.- Aquel individualmente adestrado para auxilia-las persoas con discapacidade física no desenvolvemento dos labores propios da vida cotiá.
11. Animal abandonado.- O que circula libremente aínda que estea provisto da correspondente identificación , se no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por ninguén que acredite a súa relación posesoria.
12. Marcaxe.- Acto cirúrxico que consiste en implantar ou asignarlle a un animal un código de identificación individual que o permita diferencialo doutro.
13. "Microchip" ou "transponder".- Cápsula portadora dun dispositivo electrónico que contén un código alfanumérico identificador, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico.
14. Adestrador canino.- Persoa capacitada e habilitada pola Administración competente para adestrar, ensinar, instruír, amestrar, preparar ou exercitar cans en distintas funcións lícitas.
15. Establecemento.- Calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espacios que non estean totalmente pechados e cubertos, así como instalacións móbiles, onde se aloxen, se manteñan, se adestren ou se críen os animais incluídos no ámbito desta Ordenanza.

Artigo 3. Actividades e establecementos suxeitos á obtención de licencia municipal.

Sen prexuízo do esixido en outras disposicións que sexan de aplicación, estarán suxeitas á obtención de licencia municipal consonte determina o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, as seguintes actividades:

- a) Os establecementos que albergan cabalos con fins recreativos, deportivos ou turísticos, sexan ou non de tempada, con instalacións fixas ou non, incluíndo os picadeiros, as cuadras deportivas e as cuadras de aluguer.
- b) Os centros de adestramento canino, calquera que sexa a súa finalidade (garda, defensa, deporte,

acompañamento, etc.).

c) Os centros e os lugares de reprodución e mailos destinados ó aloxamento temporal ou permanente, ou á subministración de cans e gatos ou outros animais de similar compañía, para vivir en réxime doméstico, entre os que se particularizan e definen:

- Lugares de cría: sitio axeitado para a reprodución e subministración de animais a terceiras persoas
- Residencias: establecementos destinados a aloxamento temporal.
- Canceiras deportivas: canódromos ou lugares destinados á práctica de deportes con cans ou ó adestramento deles co mesmo fin.
- Fatos: lugares destinados a garda-los cans de caza.
- Centros de recollida de animais abandonados: Os que lle facilitan a este tipo de animais aloxamento, alimentación, coidados e tratamentos hixiénico-sanitarios. Estes centros recibirán o nome específico de refuxios de animais no caso de tratárense de establecementos sen fins lucrativos, dirixidos por fundacións ou asociacións protectoras.

d) Outros centros ou establecementos non comprendidos entre os anteriores, tales como:

- Paxareiras, acuarios ou terrarios: establecementos de comercio de aves, peixes, arácnidos, réptiles e outros pequenos animais.
- Zoos ambulantes, circos ou similares: Establecementos ou actividades nos que se exhiben ó público animais salvaxes en cativeiro e outros domados ou domesticados.
- Núcleos zoolóxicos: Os que albergan coleccións zoolóxicas de animais indíxenas ou exóticos con fins científicos, culturais, recreativos, de reprodución, recuperación, adaptación ou conservación dos mesmos.

Capítulo II. Dos rexistros municipais de animais

Artigo 4. Concepto e composición.

1. Son os soportes documentais nos que se inscribirán tódolos animais de compañía ou potencialmente perigosos residentes no concello.
2. Estes soportes documentais estarán sustentados por dous elementos diferentes:
 - 2.1. Censo de animais de compañía.
 - 2.2. Rexistro de animais potencialmente perigosos.

Artigo 5. Vinculación cos rexistros autonómicos correspondentes.

De acordo co contido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE 285), do réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, este concello interesará a colaboración da Consellería de Medio Ambiente para que a creación dos ficheiros informáticos que sirvan de base ós soportes documentais citados no artigo precedente, poida axustarse ós correspondentes Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e o Rexistro Galego de Identificación de Animais Potencialmente Perigosos, por mor de poder acadalos máis altas cotas de cooperación e información.

Capítulo III. Controis sanitarios

Artigo 6. Medidas sanitarias xerais.

1. Os plans, programas e disposicións de execución para o control, loita e erradicación de zoonoses e epizootias dos animais comprendidos no ámbito desta Ordenanza, serán os establecidos pola Administración sanitaria autonómica, de acordo coa normativa específica e consonte as necesidades existentes en cada momento.
2. Nos casos nos que, por mor da sanidade animal ou da saúde pública, se esixa o sacrificio obrigatorio, este efectuarase de forma rápida, indolora, en lugares aptos para esa fin, e sempre baixo a responsabilidade e control dun veterinario.
3. O concello poderá dispoñer-lo illamento ou internamento dos animais no caso de que a autoridade sanitaria lles diagnostiquen enfermidades transmisibles, co obxecto de sometelos ó tratamento curativo ou, de se-lo caso, proceder ó seu sacrificio nos termos contidos no punto anterior.
4. A esterilización de animais poderá ser efectuada de xeito voluntario a petición do titular ou posuidor, ou de se-lo caso, por mandado ou resolución das autoridades administrativas ou xudiciais. O certificado de esterilización deberá acreditar que esta operación fíxose baixo supervisión veterinaria, e, de tratárense de animais cualificados como potencialmente perigosos terase que levar constancia ó Rexistro correspondente.
5. Os controis sanitarios relativos ós cans de asistencia pormenorízanse especificamente no artigo 27 desta Ordenanza.

Artigo 7. Veterinarios.

1. Os veterinarios establecidos no termo municipal ou que desenvolvan nel as súas actividades facultativas, con independencia doutras obrigas profesionais ou canles de actuación previstos en materia de zoonoses ou epizootias, deberán participar ó concello toda incidencia que poida dar lugar á correspondente intervención administrativa, ben sexa por lesións que presenten os animais, por calquera outra circunstancia anómala que coñezan, e, en particular polas contidas no artigo seguinte.

2. Igualmente, e consonte ós principios establecidos na lexislación específica de animais domésticos, salvaxes en cativeiro e potencialmente perigosos, correspóndelles a estes facultativos, con relación ós animais que atendan, determina-la cualificación da súa perigosidade, ós efectos da súa correcta identificación e inscrición no rexistro.
3. Os dictames e certificacións emitidas por facultativos veterinarios residentes fóra deste concello a petición dos propietarios ou posuidores de animais que xa residan ou poidan pasar a residir nel, serán asumidos/as por esta Administración local, de axustárense ás condicións esixidas por esta Ordenanza.
4. Serán considerados por esta Administración local como veterinarios colaboradores, os establecidos no termo municipal ou que desenvolvan nel as súas actividades facultativas, e que estean habilitados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia para poder afronta-lo procedemento de identificación de animais.

Artigo 8. Episodios de agresións.

1. As persoas que fosen agredidas por un animal poñerán o feito en coñecemento deste concello, independentemente das accións que na orde xurídica lle asistan.
2. Os propietarios ou posuidores dos animais agresores están obrigados a facilita-los datos correspondentes ó animal tanto á persoa agredida como ós seus representantes legais e autoridades competentes ou axentes das mesmas que llo soliciten.
3. Os animais que agredisen a unha persoa e que, a xuízo dos facultativos veterinarios poidan ser sospeitosos de transmitir algunha enfermidade serán sometidos a control sanitario durante catorce días, adoptándose as medidas de illamento ou observación que se estimen axeitados ó caso.

Artigo 9. Sacrificio de animais.

1. Cando por circunstancias de urxencia, accidentes ou sensibilidade cara os animais, estes tivesen que ser sacrificados, o sacrificio poderá realizarse só por métodos autorizados e sempre baixo control veterinario, coa finalidade de que o método empregado implique a perda inmediata da consciencia e o mínimo sufrimento posible.
2. Os métodos autorizados para o sacrificio dos animais de compañía son os seguintes:
 - a) Por inxección endovenosa de barbitúricos solubles.
 - b) Por inhalación de monóxido de carbono.
 - c) Aqueloutros que polas condicións ou dificultades de manexo sexa preciso aplicar, ou os que no sucesivo poidan determinar como axeitados as autoridades sanitarias competentes.

Capítulo IV. Da identificación dos animais

Artigo 10. Obriga de identificación.

1. Os propietarios, criadores ou posuidores dos animais ós que se refire esta Ordenanza, terán a obriga de identificalos, ben nos seus tres primeiros meses de vida ou ben no mes seguinte ó da súa adquisición.
2. Como norma xeral, a identificación consistirá na implantación dun microchip portador dun código alfanumérico cun número de díxitos tal que sexa único para cada animal. Este tipo de identificación con microchip, é obrigatoria sen excepción para tódolos animais da especie canina.
3. Sen prexuízo da identificación sinalada no apartado anterior, os cans de asistencia haberán de ser identificados como tales en todo momento, mediante a colocación en lugar e forma visible do distintivo oficial correspondente.
4. Os animais silvestres en cativeiro, deberán estar identificados co sistema (anel, marca auricular, microchip, etc.) que habitualmente utilice para cada especie a Delegación Provincial de Medio Ambiente, único órgano substantivo medioambiental competente para autoriza-la súa tenza.

Artigo 11. Características do microchip.

1. Deberá estar programado cun código alfanumérico único para cada animal, que en ningún caso poida ser susceptible de modificar.
2. A estrutura do código alfanumérico que incorpore deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.784, e o sistema de intercambio de enerxía entre o dispositivo e mailo lector deberá cumprir coa norma ISO 11.785.
3. O seu tamaño será inferior a 12 mm. de longo e 2,5 mm. de ancho.
4. Estarán dotados dun sistema antimigratorio e o seu recubrimento deberá ser biocompatible.
5. Presentarase individual e convenientemente esterilizados en envase que conteña a agulla e o inxector, e incluirá un mínimo de tres etiquetas co código de barras que conteña o código alfanumérico.

Artigo 12. Procedemento de identificación.

1. A implantación do microchip ten que ser efectuada por un veterinario acreditado diante da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para participar no proceso de identificación de animais de compañía.
2. O animal deberá ser identificado en presenza do seu propietario, figurando os seus datos e a súa

sinatura no impreso oficial de identificación.

Artigo 13. Tarxeta identificativa.

1. Por cada can rexistrado ou censado que se posúa, o Concello expedirá unha tarxeta identificativa na que se farán constar os seguintes datos:

Código de identificación do animal// especie// raza// data de nacemento// nome// color// propietario// enderezo// datos referidos ó facultativo veterinario.

2. No caso dos cualificados como potencialmente perigosos, ademais dos datos anteriores, deberán figurar obrigatoriamente os seguintes:

Número da licenza ou das licencias // Titular/es da licenza e DNI // Número do Rexistro municipal.

3. Para a expedición da tarxeta, que terá lugar no momento da inscrición do animal no rexistro correspondente, requirirase que o propietario achegue a documentación seguinte:

a) Certificación veterinaria na que consten como mínimo:

- Os datos do animal: nome, especie, raza, sexo, color, data de nacemento, aptitude, e, número do microchip implantado.
- Os datos do propietario: Nome, DNI, enderezo e teléfono.
- Os datos do facultativo: nº de colexiado, Colexio ó que pertence, nome e teléfono.

b) De se-lo caso, fotocopias contrastadas da licenza para a tenencia de cans potencialmente perigosos e do DNI do/s titular/es da licenza.

Capítulo V. Dos animais abandonados

Artigo 14. Recollida de animais abandonados.

Ó competerlle ós concellos esta responsabilidade no ámbito do seu respectivo termo municipal, a recollida de animais abandonados levarase a cabo polo servizo municipal que se determine, ou, de se-lo caso, polo/s centro/s de recollida de animais co/s que esta administración local acade acordos ó respecto.

Artigo 15. Estancia dos animais abandonados nos centros de recollida.

1. Se o animal está identificado, daráselle aviso ó propietario, quen poderá recuperalo dentro dos prazos establecidos legalmente, previo abono dos gastos orixinados polo seu mantemento.
2. No caso de que o animal non estea identificado, procederase con el do xeito previsto legalmente para a súa entrega en adopción ou para o seu sacrificio.

Capítulo VI. Prevencións xerais sobre a posesión de animais

Artigo 16. Responsabilidade.

1. O posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade civil do propietario, será responsable dos danos, prexuízos e molestias que ocasione ás persoas, animais, cousas, espazos públicos e ó medio natural en xeral, consonte o establecido no artigo 1095 do Código Civil.
2. Igualmente serán responsables as persoas que organicen ou exploten realmente os establecementos ou as actividades nas que interveñan animais obxecto desta Ordenanza, mailas persoas titulares da correspondente licencia.

Artigo 17. Obrigas dos posuidores.

Os posuidores de animais obxecto desta Ordenanza, estarán obrigados en todo momento a:

1. Mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e realizar calquera tratamento preventivo ou vacinacións que se declarasen obrigatorias, ou que sexan necesarias para o seu benestar ou para protexe-la saúde pública.
2. Proporcionárlle-la alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas do animal.
3. Facilitárlle-lo aloxamento que propicie un ambiente axeitado, cómodo e hixiénico.
4. Non maltratalos nin sometelos a prácticas que lles poida producir sufrimentos ou danos inxustificados.
5. Non subministrarlles substancias que poidan causarlle sufrimentos ou danos innecesarios, nin aquelas que se empreguen para modifica-lo comportamento do animal coa fin de aumenta-lo seu rendemento, salvo que se faga baixo prescrición facultativa.
6. Non abandonalos.
7. Inscribilos administrativamente no censo ou no rexistro municipal correspondente, despois da súa identificación.
8. Adopta-las medidas necesarias para que o animal non poida acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, así como impedi-lo seu libre acceso ás persoas, animais ou cousas que se atopen neles.
9. Adopta-las medidas precisas para impedir que ensucien as vías e espazos públicos de zonas urbanas, debendo recolle-los excrementos que os animais depositen nas beirarrúas, vías e espazos públicos, agás que sexa en lugares destinados ó seu esparexemento.
10. Os posuidores de animais que se encontren en liberdade en predios ou recintos, deberán

dispoñer dos medios adecuados para evitar que poidan ocasionar danos ou molestias ós viandantes. Así mesmo procurarán que a circulación e o transporte dos animais polas vías públicas se leven a cabo coas axeitadas medidas de protección.

Artigo 18. Prohibicións e prevencións.

1. Queda prohibido con carácter xeral, e respecto de tódolos animais:

1.1. Maltratalos ou agredilos fisicamente, ou sometelos a calquera outra práctica que lles supoña sufrimentos ou danos inxustificados.

1.2. Abandonalos.

1.3. Usar toda sorte de mecanismos que destinados a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produzan danos ou sufrimentos innecesarios, e en especial os que lles impidan mante-la cabeza na posición natural.

1.4. Desatende-la súa alimentación ou reducila a un nivel de simple subsistencia que poida implicar riscos para a saúde do animal ou que resulte inadecuada para as súas características fisiolóxicas.

1.5. Mantelos en condicións que non son adecuadas dende o punto de vista hixiénico-sanitario, ou desatende-la práctica do coidado e atención precisos de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo raza e especie.

1.6. Obrígalos a traballar ou a producir en caso de enfermidade ou desnutrición, así como cando exista o risco dunha sobreexplotación que poña en perigo a súa saúde.

1.7. Subministrarlles substancias non permitidas coa finalidade de aumenta-lo seu rendemento ou produción.

1.8. Practicarlles mutilacións ós animais, agás as supervisadas por un facultativo competente en caso de necesidade ou para conseguir a presentación habitual da raza.

1.9. Vendelos ou cedelos a laboratorios, clínicas ou particulares coa finalidade de ser utilizados en experimentación, sen obte-la correspondente autorización.

1.10. Vendelos a menores de 14 anos e a incapacitados, sen a autorización de quen teña a potestade paterna ou custodia daqueles.

1.11. Exerce-la venda ambulante de animais sen a correspondente autorización municipal, ou fóra dos lugares ou mercados indicados a tal fin.

1.12. O sacrificio non eutanásico dos animais de compañía.

1.13. A celebración de certames, concursos, exposicións ou concentracións de animais sen a autorización previa do órgano autonómico competente nesta materia.

- 1.14.A posesión, exhibición, compravenda, cesión, circulación, doazón ou calquera outra forma de transmisión de especies protexidas pola normativa vixente, incluídos os convenios internacionais, sen as correspondentes autorizacións expedidas polas autoridades competentes.
 - 1.15.A tenencia de animais perigosos para o home sen dispoñer de recintos apropiados e a súa circulación por espazos públicos sen as debidas garantías de seguridade.
 - 1.16.Calquera outra acción ou omisión tipificadas como infracción nesta Ordenanza.
 - 1.17.A utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos e outras actividades que leven consigo maltrato, crueldade ou sufrimento deles, cas excepcións relativas ós touros, tiro de pombiños ou similares, segundo as regulamentacións de espectáculos taurinos ou federativas, respectivamente.
 - 1.18.A filmación ou realización de escenas para o cine, a televisión ou calquera outro medio audiovisual, que recollan episodios de crueldade, maltrato ou sufrimento dos animais, salvo autorización expresa da administración autonómica, competente segundo a normativa para verificar que o dano aparente causado ós animais, sexa, en todo caso, simulado.
 - 1.19.A utilización ambulante de animais como reclamo publicitario, así como a utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modifica-lo comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico ou publicitario.
2. Son prevencións específicas en relación coa circulación e permanencia de animais de compañía en vías públicas e locais (coas excepcións que para os cans de asistencia se recollen no capítulo III do título I), as seguintes:
 - 2.1.Nos espazos naturais protexidos, nos xardíns e parques, en particular, e nas vías públicas en xeral, os cans irán suxeitos con cadea ou correa. De tratárense de cans considerados potencialmente perigosos, deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros.
 - 2.2.Prohíbese a entrada e permanencia de animais en establecementos destinados á fabricación, manipulación, almacenamento, transporte ou venda de produtos alimenticios.
 - 2.3.A entrada ou estancia de animais domésticos en restaurantes, bares, cafeterías e similares, estará condicionada ó criterio do titular do establecemento, que ten a facultade para sinalizar e impedi-la entrada dos mesmos.

- 2.4. Prohíbese a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, en recintos de práctica de deportes ou piscinas, así como nos espazos destinados especificamente a xogos ou espallamento infantil.
- 2.5. Nas praias do concello prohíbese a circulación e permanencia de cans durante o período de baño e nos horarios de uso da mesma.
- 2.6. Prohíbese deixar as deposicións fecais dos cans nas vías públicas. Os responsables dos animais deberán recolle-los excrementos e depositalos nos contedores públicos de lixo ou naqueles lugares destinados a tal fin, caso de existiren.
- 2.7. Por razóns de hixiene, queda expresamente prohibido lava-los animais na vía pública ou nas fontes, así como darlles de beber auga dereitamente das billas das fontes públicas.
- 2.8. O transporte de animais en vehículos particulares efectuarase de xeito que non poida perturbarse a acción do conductor nin poida quedar comprometida a seguridade do tránsito.
- 2.9. O traslado dos animais en transportes públicos, queda supeditado ó criterio sustentado polo titular do transporte. De ser consentido, nunca poderán ocupar asentos destinados ás persoas.
- 2.10. Nos establecementos hoteleiros e pensións, a estancia de animais de compañía estará condicionada a unhas condicións hixiénicas óptimas de aloxamento, e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade ou molestias ó resto dos residentes.
- 2.11. As persoas que empreguen cans ceibes para vixilancia de predios, obras ou outras propiedades, ademais de dispoñer dos medios adecuados para evitar que poidan ocasionar danos ou molestias ós viandantes, coidarán que os animais estean alimentados e aloxados convenientemente. A existencia dun can de garda deberá advertirse en lugar visible.
- 2.12. Os cans ceibes en vivendas con acceso á vía pública non terán posibilidade de acceder ó exterior da casa de xeito que poidan asustar ou danar ós viandantes.
- 2.13. Non se permite deixar en patios, terrazas, balcóns ou espazos similares abertos, dende as 22:00 horas ata as 08:00 do día seguinte ós animais que cos seus ladridos ou outros sons produzan ruídos que perturben o descanso dos veciños.

Título I. Da tenencia de animais de compañía

Capítulo I. Da posesión

Artigo 19. Posesión de animais domésticos en vivendas.

O dereito a posuír animais domésticos en vivendas, queda supeditada a que se cumpran

conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Un aloxamento digno e hixiénico para o animal.
- b) A ausencia de riscos sanitarios, que só a garanten as necesarias revisións facultativas.
- c) A inexistencia de molestias á veciñanza, que, para seren cualificadas de xeito máis obxectivo que subxectivo, deberán avaliarse pola comunidade de propietarios ou de veciños correspondente ou anexa ó lugar de residencia.

Artigo 20. Posesión de animais salvaxes en cativeidade.

1. Ademais de cumprilas condicións citadas no artigo anterior, e atendendo ás características do animal salvaxe que se pretenda ter como animal de compañía, é obrigado:
 - Mantelos en gaiolas, acuarios, terrarios ou outros receptáculos aconsellados para cada especie, que teñan como finalidade primordial a de que non poidan acceder libremente ó exterior.
 - Non permitir que os animais accedan á vía ou lugares públicos, sen contar coas medidas protectoras máis axeitadas atendendo ás características de cada especie.
2. A posesión como animais de compañía de espécimes pertencentes a algunha das categorías catalogadas en virtude da Lei de Galicia 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza ou da Lei estatal 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais ou da fauna e flora silvestres, queda rigorosamente supeditada a que poida acreditarse que é viable a súa posesión como tal, por proceder dunha cría en cativeidade, cunha certificación estendida pola Administración ambiental autonómica competente.

Artigo 21. Posesión de especies exóticas.

As especies exóticas destinadas a utilizarse como animais de compañía, estarán suxeitas ós preceptos contidos no CITES (Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas, feito en Washington o 3 de marzo de 1973) e nos Regulamentos da UE que o desenvolven. Por conseguinte, só se autoriza a posesión daqueles espécimes que posúan o documento CITES orixinal ou a correspondente certificación da Administración ambiental competente a Xunta de Galicia, no que se acredite que procede de crianza en cativeidade.

Capítulo II. Do control administrativo

Artigo 22. Censo de animais de compañía.

1. Neste censo alistaranse tódolos animais de compañía, tanto domésticos como os que habendo sido salvaxes cumpran a función de servir de compañía ós seus posuidores, e que non sexan

considerados como potencialmente perigosos.

2. Este soporte documental contará cos seguintes datos:

- Datos persoais do posuidor (nome / enderezo habitual / DNI / teléfono de contacto).
- Datos identificadores do animal (idade / especie / raza / nome / características externas / número do microchip).
- Lugar habitual de residencia do animal.
- Función ou aptitude do animal (compañía / guía / caza).
- Observacións complementarias.

Artigo 23. Altas e baixas no censo de animais de compañía.

1. A alta no Censo municipal de animais de compañía producirase a petición dos propietarios ou posuidores, servindo de base para a súa inscrición un certificado estendido polo facultativo veterinario que efectuou a identificación, que abrangue os datos referidos no artigo 22.2 anterior.

2. Para a inscrición no Censo municipal de animais exóticos, servirán de base, ademais da certificación estendida polo facultativo veterinario, a factura de compravenda que acredite a súa lícita posesión, no que se conterán os datos correspondentes ó documento xustificativo da súa entrada legal na Unión Europea.

3. Producirase a baixa do animal de compañía no censo municipal, polas seguintes causas:

- Perda definitiva ou roubo.
- Morte do animal.
- Cambio de residencia do animal.
- Traslado do animal fóra do concello.

Artigo 24. Prazos de inscrición e anotacións no censo.

A inscrición e sucesivas anotacións no censo de animais de compañía, faranse nos seguintes prazos:

- Por nacemento do animal: tres meses.
- Por adquisición dun animal sen identificar: un mes.
- Pola transmisión da titularidade do animal: quince días.
- Morte, perda ou desaparición: quince días.

Capítulo III. Dos cans de asistencia

Artigo 25. Dereitos específicos.

1. Consonte o previsto na lexislación vixente, garáteselles ás persoas diminuídas que vaian

acompañados dun can de asistencia o acceso ós lugares, establecementos e transportes públicos ou de uso público no ámbito de actuación deste concello e segundo se detalla no artigo 26.

2. O exercicio destes dereitos queda supeditado a que o animal cumpra a condición definitiva de can de asistencia (can guía ou can de servizo), acade os requisitos hixiénico-sanitarios que con carácter xeral se establecen para tódolos animais, e máis aqueles que con carácter particular se pomenorizan no artigo 27 desta Ordenanza.
3. Non poderán exercerse os dereitos se o animal presenta signos de enfermidade, agresividade, falta de aseo ou se presuma un risco para as persoas.
4. Nos lugares, establecementos e transportes, os cans de asistencia haberán de permanecer ó carón da persoa que acompañan, que será responsable do comportamento do animal, así como dos danos que poida ocasionar.
5. O acceso, deambulación e a permanencia dos cans de asistencia nos lugares, establecementos e transportes, non poderán implicar gasto ningún para o seu usuario, agás os que teñan contra prestación de servizo economicamente avaliable. Tampouco poderá condicionarse o exercicio dos referidos dereitos ó outorgamento de garantía de ningunha clase.
6. Os adestradores de cans de asistencia, en tanto se atopen realizando exercicios de adestramento previo ou de adaptación final individual dos animais, terán os mesmos dereitos e obrigas fixadas para as persoas diminuídas.

Artigo 26. Determinación dos lugares de acceso.

1. Ós efectos do sinalado no artigo anterior, terán a consideración de lugares e establecementos públicos ou de uso público:
 - Os definidos pola lexislación urbanística viaria aplicable en cada momento como paso de peóns, peonís ou de gozo peonil exclusivo ou prioritario.
 - Os centros de recreo, ocio e tempo libre.
 - Os parques, xardíns, praias e outros espazos ó aire libre.
 - As instalacións deportivas.
 - Os locais e establecementos comprendidos no ámbito de aplicación da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas.
 - As lonxas, mercados, feiras, prazas de abastos e similares.
 - Os almacéns e establecementos comerciais e mercantís.
 - Os despachos e oficinas de profesionais liberais.

- As residencias, fogares e clubs para a atención a persoas maiores, os centros de recuperación e asistencia a diminuídos e os establecementos similares.
 - Os centros oficiais de toda índole que non teñan o acceso vedado ó público en xeral.
 - Os centros, colexios e academias de ensino de tódolos niveis.
 - Os centros sanitarios, asistenciais e sociais, coa única excepción das zonas restrinxidas ó público en xeral.
 - Os centros relixiosos.
 - Os museos, casas de cultura, arquivos, bibliotecas e salas de exposicións e de conferencias.
 - Os establecementos turísticos, entre os que se pormenorizan os parques de atraccións, parques acuáticos, piscinas, zoolóxicos, establecementos hoteleiros, albergues, campamentos, bungalows, apartamentos, cidades de vacacións, balnearios, cámpings, e, en xeral, aqueles destinados a proporcionar, mediante prezo, habitación ou residencia ás persoas, así como os restaurantes, cafeterías e cantos establecementos sirvan ó público, mediante prezo, comidas ou bebidas, calquera que sexa a súa denominación.
 - Os espazos de uso xeral e público das estacións de autobuses, ferrocarril, portos, heliportos e das paradas de vehículos lixeiros de transporte.
 - En xeral, calquera edificio, local, centro ou complexo de uso público.
2. A iguais efectos, terán a consideración de transportes públicos, calquera tipo de transporte colectivo que sexa público ou de uso público e os servicios urbanos e interurbanos de transportes de automóviles lixeiros.

Artigo 27. Requisitos hixiénico-sanitarios dos cans de asistencia.

1. A consideración de can de asistencia ós efectos de recoñecérselle os dereitos reflectidos nos artigos precedentes, queda subordinada a cumpri-las medidas hixiénicas e sanitarias previstas para os animais domésticos en xeral e os das súas características en particular.
2. Ademais, haberán de cumpri-las seguintes medidas específicas:
- a) Estar esterilizado.
 - b) Non padecer enfermidades transmisibles ó home, entendendo por tales as incluídas no cadro de antroponozoonoses vixente en cada momento.
 - c) Estar vacinado contra a rabia, en tratamento periódico contra a equinococose, exento de parasitos internos e externos e dar resultado negativo nas probas de leishmaniose, leptospirose e brucelose.
 - d) De se-lo caso, dar resultado negativo nas probas diagnósticas que as autoridades sanitarias

consideren oportunas, segundo a situación epidemiolóxica do momento.

3. Será preciso acreditar anualmente o cumprimento das condicións anteriores mediante certificación estendida por veterinario en exercicio.
4. Consideraranse circunstancias suspensivas do exercicio dos dereitos recoñecidos nesta Ordenanza, as seguintes:
 - a) Cando exista perigo inminente para o usuario, para terceira persoa ou para o propio can.
 - b) Cando o animal presente síntomas de enfermidade, exteriorizados de forma alternativa ou acumulada, mediante:
 - Signos febrís.
 - Alopecias anormais.
 - Deposicións diarreicas.
 - Secrecións anormais.
 - Signos de parasitos cutáneos.
 - Feridas, segundo o tamaño e aspecto.
 - c) Cando se evidencie a falta de aseo.
 - d) Cando caduque a acreditación anual citada anteriormente.
 - e) Cando se evidencien malos tratos para os animais por parte do dono ou persoa achegada.

Título II. Da tenencia de animais potencialmente perigosos

Capítulo I. Da posesión

Artigo 28. Posesión de animais potencialmente perigosos.

1. A posesión en calquera lugar de animais considerados potencialmente perigosos, haberá de supeditarse ás condicións fixadas nos artigos 19, 20 e 21 desta Ordenanza, segundo corresponda a cada un deles, ademais das que se fixen neste Título.
2. As instalacións destinadas a albergar os espécimes salvaxes cualificados como potencialmente perigosos, deberán cumprir as medidas de seguridade precisas para evitar a saída incontrolada do recinto de protección, e o seu traslado a outro lugar do concello, implicará a previa autorización municipal.

Artigo 29. Medidas de seguridade na posesión de cans potencialmente perigosos.

1. A estancia en vivendas de cans potencialmente perigosos, quedará subordinada, ademais das condicións fixadas no artigo 19, a todas aquelas que se poidan determinar especificamente pola

autoridade municipal para casos puntuais.

2. A súa presenza en lugares ou espazos públicos, esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licenza municipal especificada no capítulo seguinte, así como a xustificación de que o animal está inscrito no Rexistro municipal correspondente.
3. Nos lugares e espazos públicos, deberán levar obrigatoriamente unha buceira apropiada para a tipoloxía racial do animal.
4. Igualmente, deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de dous metros, sen que se poida levar máis dun can por persoa.
5. Os cans que se atopen nunha finca, casa de campo, parcela, terraza, patio ou calquera outro lugar delimitado, haberán de estar atados, a non ser que se dispoña dun habitáculo coa superficie, altura e axeitado pechamento, para protexe-las persoas ou animais que accedan ou se acheguen a eses lugares.

Capítulo II. Da licenza municipal

Artigo 30. Licencia municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos.

1. A posesión neste concello de calquera animal dos definidos como potencialmente perigosos nesta Ordenanza, requirirá a obtención da correspondente licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, título habilitante que deberá ser obtido por tódolos cidadáns incluídos no Padrón de Habitantes que xa posúan esta crase de animais ou que os pretendan posuír.
2. Abrangue este requisito de licenza municipal ás actividades de comercio, adestramento e custodia, así como ás asociacións, centros deportivos ou establecementos que os alberguen ou que os poidan albergar.
3. Os propietarios ou posuidores de animais potencialmente perigosos non aveciñados neste concello, cando se encontren residindo temporalmente no mesmo e mentres permaneza o animal no termo municipal, deberán acreditar que posúen licenza expedida polo municipio de orixe.
4. Para os casos nos que se produza unha resolución ou sentenza determinantes da agresividade dun animal non considerado ata entón como potencialmente perigoso, o concello, tan pronto teña coñecemento da mesma, requirirá ó propietario ou posuidor daquel, para que no prazo dun mes proceda a solicita-la licenza, procedéndose pola contra, á retirada e depósito do animal nun centro de recollida.
5. Tódalas persoas que acaden neste concello a Licencia municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, poderano acreditar cunha certificación ou credencial relativas á

mesma, estendidas polo órgano municipal que se designe.

Artigo 31. Requisitos para a súa obtención.

1. Para obter a licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:
 - a) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionar os coidados necesarios ó animal.
 - b) Non haber sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico; así como non haber sido sancionado por infraccións administrativas que levasen aparelladas a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio de animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva deste tipo de licencias ou do certificado de capacitación de adestrador.
 - c) Dispoñer de certificado de aptitude psicolóxica.
 - d) Acreditar ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros pola contía mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 €), para cubrir os danos que poidan causar os seus animais, aínda que os teñan cedidos a outra/s persoa/s para o seu coidado.
 - e) Presentar unha memoria subscripta por facultativo superior ou medio, descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais salvaxes en catividades considerados potencialmente perigosos, dos lugares ou dos establecementos nos que estean aloxados.
2. Os requisitos esixidos no apartado anterior, deberán manterse vixentes durante todo o período da tenencia do animal dando lugar a perda dos mesmos á revisión da licenza nos termos contidos nesta Ordenanza.

Artigo 32. Vixencia.

1. A licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o titular da mesma segue cumprindo os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención.
2. A perda de calquera dos requisitos esixidos no artigo 31, dará lugar á revisión da licenza municipal concedida e á súa retirada previa tramitación de expediente contradictorio.

Capítulo III. Do Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos

Artigo 33. Rexistro de animais potencialmente perigosos.

1. É o soporte documental no que se incluírán tódolos cans considerados potencialmente perigosos, e mailos animais salvaxes en cativeiro que reciban igual cualificación.
2. Será elemento determinante da agresividade dun animal para a súa inclusión neste rexistro, que fose apreciada pola autoridade competente, ben de oficio, ou ben por previa notificación ou denuncia, despois dun informe dun adestrador habilitado ou dun facultativo veterinario.
3. O rexistro informatizado, de acordo co previsto no Decreto 90/2000, do 28 de febreiro, contará cos seguintes datos:
 - Código identificador do animal.
 - Zona de aplicación.
 - Especie.
 - Raza (en cruzamento de primeira xeración especificaranse as razas de procedencia).
 - Sexo.
 - Descrición da capa.
 - Data de nacemento do animal.
 - Enderezo habitual do animal.
 - Outros signos identificadores non definitivos (tatuaxes, número dalgún censo municipal anterior, etc.).
 - Especificación de se o animal está destinado a convivir con seres humanos ou se teñen finalidades distintas como garda, defensa ou outras que se indiquen.
 - Nome e apelidos do propietario do animal.
 - Enderezo do propietario do animal.
 - Teléfono/s de contacto do propietario do animal.
 - DNI de propietario do animal.
 - Nome, enderezo, número de colexiado e número de veterinario colaborador que realiza a marcaxe.
 - Data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ó propietario.
 - Data de alta no rexistro municipal.

4. Os propietarios, achegarán ó Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos a seguinte documentación, que se traducirá en información necesaria para constar no historial do animal:
- Certificado sanitario, expedido por un veterinario con periodicidade anual, que acredite a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que poidan facelo potencialmente perigoso, así como que o animal carece de lesións ou cicatrices que puidesen proceder da súa utilización en pelexas ou actividades prohibidas.
 - Cartilla sanitaria actualizada cos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal como potencialmente perigoso.
 - Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos.

Artigo 34. Incidencias que deberán constar neste Rexistro.

No rexistro municipal de animais potencialmente perigosos deberán constar as seguintes incidencias:

- a) O cambio de calquera dos datos achegados na solicitude e, principalmente, os referidos á titularidade do animal, enderezos (do propietario ou do animal), etc. (De producirse cambio de titularidade do animal, o novo titular debe achegar fotocopia da súa licenza municipal se foi expedida nun concello distinto ó de Arteixo).
- b) As baixas no rexistro, de carácter temporal por perda ou roubo (que o propietario deberá comunicarlle ó rexistro nun prazo de 48 horas), ou de carácter definitivo, ben por morte do animal (certificada por veterinario ou autoridade competente), ou ben por cambio de residencia do animal fóra do concello.
- c) Incidencias propiamente ditas, tales como:
 - Agresións (data da denuncia, descrición dos feitos, consecuencias xurídicas, medidas cautelares, etc.).
 - Esterilización (data e causa da mesma, xa sexa voluntaria, por iniciativa do propietario, ou obrigatoria, por resolución das autoridades administrativas ou xudiciais).
 - Outros episodios relativos ó animal, comunicados polos facultativos veterinarios.

Título III. Réxime sancionador

Capítulo I. Infraccións e sancións

Artigo 35. Concepto de infracción.

1. Ós efectos desta Ordenanza constitúe infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das

prohibicións e máis dos requisitos establecidos nela, así como das condicións impostas nas autorizacións ou licencias administrativas outorgadas ó seu abeiro.

2. Consideraranse responsables das infraccións ós que por acción ou omisión houberen participado na súa comisión; ó propietario ou posuidor dos animais ou, de se-lo caso, ó titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos.
3. No caso da celebración de espectáculos prohibidos con animais dos comprendidos no ámbito desta Ordenanza, incorrerán en infracción administrativa non só os organizadores, senón tamén os donos dos locais ou terreos que os cedesen, a título oneroso ou gratuíto.
4. Consonte o previsto nas leis básicas referenciais (Lei de Galicia 1/1993 e Lei do Estado 50/1999), a responsabilidade administrativa será esixible ser prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.

Artigo 36. Clasificación das infraccións.

As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves.

Artigo 37. Infraccións leves.

1. O maltrato dos animais sen que se lles produza lesión.
2. A venda, doazón ou cesión de animais a menores de catorce anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
3. A doazón de animais de compañía como premio.
4. Non mante-los animais en boas condicións hixiénico-sanitarias.
5. Mante-los animais en instalacións inadecuadas.
6. Non facilitarlles a alimentación axeitada ás súas necesidades.
7. Inmobiliza-los animais ou permitir situacións tales que poidan ser susceptibles de que se autolesionen ou causen feridas a outros.
8. Sometelos a prácticas que lles poida producir sufrimentos ou danos inxustificadas.
9. Exerce-la venda ambulante de animais fóra dos mercados ou feiras habilitadas.
10. A utilización ambulante de animais con fines publicitarios.
11. O transporte inadecuado de animais obxecto desta Ordenanza.
12. Permitir que os animais de compañía ocupen en transportes públicos asentos destinados ás persoas.
13. A non recollida inmediata na vía e espazos públicos, dos excrementos evacuados por un animal de compañía.
14. Non adopta-las medidas convenientes para evita-lo acceso ou o tránsito libre dos animais por

espacios naturais protexidos, xardíns e parques, en particular, e polas vías e espazos públicos ou privados alleos, en xeral.

15. Non advertir ós usuarios da vía pública da existencia de cans de garda ceibes na vixilancia de predios, obras ou outras propiedades inmediatas a aquela.
16. Permitir que os cans ceibes en vivendas con acceso á vía pública teñan a posibilidade de acceder ó exterior da casa, de xeito que poidan asustar ou danar ós viandantes.
17. Deixar en patios, terrazas, balcóns ou espazos similares abertos, dende as 22:00 horas ata as 08:00 do día seguinte, animais de compañía que cos seus ladridos ou outros sons produzan ruídos que perturben o descanso dos veciños.
18. Transitar por vías e espazos públicos con animais de compañía sen identificar.
19. Circular con animais de compañía por vías e espazos públicos sen contar coas axeitadas medidas de protección.
20. Non levar consigo a licencia de posesión de animais potencialmente perigosos, cando circulen con estes pola vía pública ou espazos públicos.
21. Entrar ou permanecer con animais en establecementos destinados á fabricación, manipulación, almacenamento, transporte ou venda de produtos alimenticios.
22. Entrar ou permanecer con animais de compañía en restaurantes, bares, cafeterías e similares, en contra do criterio do titular do establecemento.
23. Entrar con animais de compañía en espectáculos públicos deportivos e culturais, en recintos de práctica de deportes ou piscinas, así como nos espazos destinados especificamente a xogos ou espallamento infantil.
24. Transitar ou permanecer con cans nas praias do concello durante o período de baño e nos horarios de uso das mesmas.
25. Lava-los animais na vía pública ou nas fontes, así como darlles de beber ou non impedirles que beban auga dereitamente das billas das fontes públicas.
26. Incumpri-la obriga de identificar a un can de calquera especie non considerada potencialmente perigosa.
27. Non inscribir os animais no censo ou no rexistro municipal correspondentes, despois da súa identificación.
28. Tódalas conductas que, sen infrinxilos, dificulten dalgún xeito o exercicio dos dereitos de acceso dos cans de asistencia a persoas diminuídas.
29. A esixencia de forma arbitraria ou sen motivo da presentación da documentación acreditativa da

condición de can de asistencia.

30.O incumprimento das obrigas da persoa usuaria do can de asistencia.

31.O incumprimento de calquera requisito administrativo non citado neste artigo, que non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

32.Calquera actuación que vulnere o disposto nesta Ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

Artigo 38. Infraccións graves.

1. O maltrato de animais producíndolles lesións.

2. Mutilalos sen necesidade, ou de habela, sen o adecuado control veterinario.

3. Abandonar calquera animal de compañía que non sexa da especie canina nin que estea considerado como potencialmente perigoso.

4. A reiteración na venda ambulante de animais en xeral, fóra dos establecemento, feiras ou mercados legalmente autorizados.

5. Constituír sen autorización albergues, clínicas, criadeiros, salóns de perruquería, establecementos de venda, recollida, experimentación ou exhibición de animais.

6. Incumpri-los establecementos as condicións esixidas na autorización, tanto no referido ás medidas hixiénico-sanitarias dos locais como nas requiridas para a estancia dos animais, así como facer entrega destes sen as debidas garantías sanitarias.

7. Programar espectáculos con animais sen estar autorizados.

8. Subministrarlles estimulantes ou substancias que poidan atentarse contra a súa saúde, salvo baixo prescrición facultativa.

9. Negarse a vacinalos ou sometelos a un tratamento obrigatorio.

10.A venda de animais enfermos, agás que se trate dun vicio oculto descoñecido polo vendedor.

11.A cría e comercialización de animais sen contar con autorización.

12.Deixar solto un animal potencialmente perigoso, ou non ter adoptada-las medidas necesarias para evita-la súa escapada ou extravío.

13.Incumpri-la obriga de identificar a un animal potencialmente perigoso.

14.Omiti-la inscrición no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

15.Ter un can cualificado como potencialmente perigoso en lugares públicos sen buceira ou non suxeito con cadea.

16.Transportar animais potencialmente perigosos sen adopta-las medidas precautorias que as circunstancias aconsellen para garanti-la seguridade das persoas, bens e outros animais,

abranguendo tanto os tempos do traslado como os de carga e descarga.

17.A negativa ou a resistencia a subministrar datos ou facilita-la información requirida polas autoridades ou os seus axentes en relación cos animais potencialmente perigosos, ou facilitarlles información inexacta ou documentación falsa.

18.Impedi-lo acceso, a deambulación e/ou a permanencia das persoas con discapacidade acompañadas de can de asistencia, a calquera dos lugares, establecementos ou transportes públicos ou de uso público referidos a tal respecto nesta Ordenanza.

19.O cobro de gastos en contravención do disposto no artigo 25.5 desta Ordenanza.

20.A reincidencia na comisión de infraccións leves.

Artigo 39. Infraccións moi graves.

1. O maltrato que produza a morte dos animais.

2. A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.

3. A venda de animais con enfermidade infecto-contaxiosa coñecida.

4. A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.

5. A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.

6. Abandonar un animal potencialmente perigoso de calquera especie, e calquera can estea ou non así cualificado.

7. Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licencia.

8. Vender ou transmitir por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licencia.

9. Adestrar animais para activa-la súa agresividade ou para finalidades prohibidas.

10.Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza de habilitación segundo a lexislación vixente.

11.Organizar, celebrar ou participar en concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, destinados a demostra-la agresividade dos animais.

12.Impedi-lo acceso, a deambulación e/ou a permanencia das persoas con discapacidade acompañadas de can de asistencia a calquera dos lugares definidos no artigo 26, cando sexan de titularidade pública.

13.Privar de forma intencionada a unha persoa con discapacidade do seu can de asistencia, cando este feito non constituía infracción penal.

14.A reincidencia ou reiteración en faltas graves.

Artigo 40. Sancións pecuniarias.

As infraccións tipificadas neste capítulo serán sancionadas:

- a) As leves, con multa de ata 300 €
- b) As graves, de 300,01 € ata 3.500 €
- c) As moi graves, de 3.501,01 € ata 12.500 €

Artigo 41. Sancións non pecuniarias.

1. Na resolución do expediente sancionador, ademais das multas ás que se refire o artigo anterior, poderanse adopta-las seguintes medidas accesorias:

- a) O peche temporal ou definitivo para as infraccións graves ou moi graves, respectivamente, dos establecementos regulados nesta Ordenanza.
- b) A incautación de animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono.
- c) A confiscación, illamento, ou depósito nun centro de recollida dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- d) A confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos.
- e) A suspensión total ou definitiva da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos.
- f) A suspensión temporal ou definitiva do certificado de capacitación dos adestradores.

2. Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá dispoñer-la retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación do expediente sancionador.

Artigo 42. Prescrición das infraccións.

As infraccións leves prescribirán ós seis meses, as graves ós doce meses e as moi graves ós dous anos.

Capítulo II. Do procedemento sancionador

Artigo 43. Exercicio da potestade sancionadora.

De acordo co previsto na lexislación básica estatal e autonómica de aplicación, a potestade sancionadora na materia regulada nesta Ordenanza compételle:

- a) Para as infraccións leves: Ó alcalde do concello, agás as relacionadas cos cans de asistencia que lle competen ó director xeral do Maior e Persoas con Discapacidade da Xunta de Galicia.

- b) Para as infraccións graves: Ó director xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, ou, de se-lo caso, ó director xeral do Maior e Persoas con Discapacidade.
- c) Para as infraccións moi graves: Ó conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, ou, se é o caso, ó conselleiro de Asuntos Sociais.

Artigo 44. Tramitación.

1. Os expedientes que por mor da potestade sancionadora se instrúan neste concello, serán incoados e tramitados consonte o previsto na Lei 30/1992, do 20 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/1993, do 04 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Todas aquelas accións ou omisións que non estean baixo a potestade sancionadora do concello, e que cheguen a coñecemento de calquera autoridade ou dos seus axentes, deberán ser postas en coñecemento das autoridades substantivas competentes ós mesmos efectos citados no apartado anterior.

Disposicións adicionais

Primeira. Aplicación normativa.

En todo o que non se conteña nesta Ordenanza, serán de aplicación na materia regulada, tódalas normas de ámbito comunitario europeo, estatal ou autonómico vixentes ou as que poidan acceder nun futuro ó ordenamento xurídico. En particular, faise referencia expresa das seguintes:

- Lei de Galicia 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro (DOG 75).
- Decreto da Xunta de Galicia 153/1998, de 02 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei 1/1993 (DOG 107).
- Lei do Estado 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos (BOE 307).
- Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo, que desenvolve a Lei 50/1999 (BOE 74).
- Decreto da Xunta de Galicia 90/2002, do 28 de febreiro, que regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 63).
- Lei de Galicia 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia (DOG 253).
- Lei de Galicia 1/1995, do 02 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia (DOG 29).

- Decreto do Estado 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (BOE 292).

Segunda. Ordenanza fiscal.

De conformidade co previsto na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, incluíranse na Ordenanza fiscal número 11, de taxas pola expedición de documentos administrativos, as que se consideren axeitadas pola prestación dos servizos especiais de expedición de licencias, renovacións e inscricións rexistras.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor ós quince días seguintes de publicarse a súa aprobación definitiva e mailo texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.